

A C T A 13/2022
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 28 DE DECEMBRO DE 2022 -

Na Casa do Concello, a vinte e oito de decembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D. José Manuel Guerra Calvelo
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.^a Carmen Diéguez González
D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Non asisten, previa escusa:

D.^a María López Álvarez
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1547/2022 DO 25/11/2022 Á RES 1693 DO 22/12/22)**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS TRALA PRESENTACIÓN DO ESCRITO DE DATA 07/12/2022 (R.E. NÚM. 6670) DO GRUPO MUNICIPAL DO PP**
- 4.- DITAME DA RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 30/11/2022 (RES. 1569/22) DE AMPLIACIÓN DA PRÓRROGA DO CONVENIO DO SAT**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE “REURBANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO, PARROQUIA DE CACHEIRAS, TEO”, APROBADA DENTRO DO POS + ADICIONAL 2/2021**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE REXEITAMENTO DO NOVO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA AG-59.**
- 7.- MOCIÓNS**
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do grupo municipal do PP, D.^a María Vázquez Rey, polo falecemento do seu pai, e trasládalle o sentir de toda a Corporación. Desculpa así mesmo a ausencia do concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, por atoparse de baixa, e da concelleira de Son de Teo, María

Vázquez López, por atoparse de viaxe. A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 1547/2022 DO 25/11/2022 Á RES 1693 DO 22/12/22).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de novembro ata o 22 de decembro de 2022, que comprenden os números 1547 ao 1693.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, do 20 de decembro de 2022, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS TRALA PRESENTACIÓN DO ESCRITO DE DATA 07/12/2022 (R.E. NÚM. 6670) DO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O sr. alcalde da conta da nova composición das Comisións Informativas tras a presentación do escrito, de 7 de decembro de 2022, do grupo municipal do PP, segundo o documento incorporado ao expediente, do 23 de decembro de 2022, que se reproduce a continuación.

“COMISIÓNS INFORMATIVAS CREADAS NO PLENO ORGANIZATIVO DE 8 DE XULLO DE 2019

- 1.- Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.
- 2.- Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes
- 3.- Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.
- 4.- Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego
- 5.- Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiros/as do PP

- 1 concelleiro/a de SONdeTEO
- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno

ESCRITOS DOS GRUPOS POLÍTICOS:

SON DE TEO - (REX. ENTRADA Nº 4629, de 10/07/2019, e R.E. Nº 4862, de 05.10.2020)

PSdeG-PSOE– (REX. ENTRADA Nº 398 (SEDE), de 09/07/2019)

PP – (REX. ENTRADA Nº 4661, de 12/07/19 E Nº 4900, de 29/07/19)

BNG - (REX. ENTRADA Nº4655, de 12/07/2019 E R.E. Nº 6074 de 04.12.2020)

BNG – (REX. ENTRADA Nº 801, de 25/02/2022)

PP – (REX. ENTRADA Nº 6670, de 07/12/2022)

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SOSTIBILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS.

Presidente:

Rafael Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: José Antonio Garea Gil

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: María Vázquez Rey

Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: Iria Otero Romero

Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: Mayte Argibay da Silva

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: José Manuel Elías Noya

Patricia Castelao Ferreiro (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, SEGURIDADE CIDADÁ, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E DEPORTES

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: José Antonio Garea Gil

M^a Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: María López Álvarez

Mayte Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

Patricia Castelao Ferreiro (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL, COMUNICACIÓN, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MOCIDADE E MEDIO NATURAL

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

M^a Teresa Castro Framil(PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

José Antonio Garea Gil (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: X. Ignacio Iglesias Villar

Mayte Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

José Manuel Elías Noya(PSdeG-PSOE)

Suplente: Uxía Lemus de la Iglesia

Carmen Diéguez González(BNG)

Suplente: Patricia Castelao Ferreiro

4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, TRANSPORTES, TURISMO, COMERCIO E EMPREGO

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Antonio Garea Gil (PP)

Suplente: M^a Teresa Castro Framil

Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

María López Álvarez (SdeT)

Suplente: X. Ignacio Iglesias Villar

Mayte Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

José Manuel Elías Noya(PSdeG-PSOE)

Suplente: Uxía Lemus de la Iglesia

Carmen Diéguez González(BNG)

Suplente: Patricia Castelao Ferreiro

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: M^a Teresa Castro Framil

Lucía Calvo de la Uz(PP)

Suplente: José Antonio Garea Gil

Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: María López Álvarez

Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: Mayte Argibay da Silva

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: José Manuel Elías Noya

Patricia Castelao Ferreiro (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

4.- DITAME DA RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 30/11/2022 (RES. 1569/22) DE AMPLIACIÓN DA PRÓRROGA DO CONVENIO DO SAT.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas explica que o Pleno xa acordou a ampliación da prórroga convenio de atención temperá entre o Concello de Ames e Teo, se ben naquel momento se fixo unha prórroga dun ano, porén con posterioridade saíu a convocatoria da subvención, por dous anos, e esixe que o Convenio entre Ames e Teo dure tamén dous anos para poder acceder a ese financiamento. Salienta o sr. Igrexas que é preciso volver a pasalo polo Pleno xa que é unha variación substancial porque implica pasar dun ano a dous.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 4 PP e 2 BNG), acorda ratificar o Decreto da Alcaldía do 30 de novembro de 2022 (nº 1569/2022), que se reproduce a continuación.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: AMPLIACIÓN PRÓRROGA CONVENIO ATENCIÓN TEMPERÁ

EXPEDIENTE: 2022/G003/001641

Considerando que, en execución do acordado polo Plenos do Concello de Ames, o 2 de setembro de 2021, e do Concello de Teo, o 29 de setembro de 2021, asinouse un convenio entre ambos municipios para a prestación do Servizo de Atención Temperá de forma agrupada no marco habilitado polo Decreto 183/2013 do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá, con vixencia de un ano, dende o 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022.

Considerando que ante o interese de ambos Concellos de dar continuidade ao Servizo de Atención Temperá prestado de xeito compartido, en execución do acordado polo Plenos do Concello de Teo, do 28 de setembro de 2022, e do Concello de Ames, do 29 de setembro de 2022, prorrogouse a vixencia do citado convenio, dende o 1 de novembro de 2022 ata o 30 de outubro de 2023, formalizándose a citada prórroga o 27 de outubro de 2022.

Vista a *“Orde do 19 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria”* (DOG nº 207 do 31 de outubro de 2022) e considerando que nesta convocatoria se incorporou como novidade o financiamento

para dous anos, e así concretamente, o período subvencionable abrangue dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2024, tal e como se recolle o artigo 1.1. da citada Orde.

Considerando que o artigo 7.c) 2º da Orde do 19 de outubro de 2022 recolle que no caso de agrupacións de concellos, será requisito para o acceso a estas axudas ter suscrito un convenio de colaboración con vixencia durante todo o período respecto do cal se solicita a subvención.

Considerando que, en virtude do exposto, resulta preciso adecuar a vixencia do Convenio para a prestación do servizo de atención temperá ás esixencias da Orde de convocatoria e ao previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Tendo en conta que o prazo para a solicitude da subvención, segundo se desprende do artigo 12 da Orde do 19 de outubro, remata o día da data, 30 de novembro de 2022, día no que terá lugar o Pleno ordinario correspondente ao mes de novembro.

En virtude do exposto e ante a necesidade de adoptar o acordo correspondente antes de que remate o prazo para a solicitude de subvención, e resultando esta circunstancia comunicada aos grupos políticos municipais, que amosaron a súa conformidade ao efecto,

RESOLVO

Primeiro.- Ampliar o prazo da prórroga do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá), formalizada o 27 de outubro de 2022, de forma que a mesma abrangue, en lugar do período establecido de un ano (entre o 1 de novembro de 2022 e o 30 de outubro de 2023), un período de tres anos (dende o 1 de novembro de 2022 ata o 30 de outubro de 2025), condicionado á

vixencia da subvención para a prestación do servizo no marco da Rede galega de atención temperá.

Segundo.- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a realización das actuacións precisas para a execución do presente.

Terceiro.- Facer publico a ampliación do período de prórroga do Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Cuarto.- Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos, e á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración no expediente de solicitude da subvención á entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá.

Quinto.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe

Virginia Fraga Díaz “

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE “REURBANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO, PARROQUIA DE CACHEIRAS, TEO”, APROBADA DENTRO DO POS + ADICIONAL 2/2021.

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de decembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos do 22 de decembro de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Modificación do proxecto de “Reurbanización da Rúa Rosalía de Castro, Parque Montouto, parroquia de Cacheiras, Teo”, aprobada dentro do POS+Adicional 2/2021

Mediante notificación do 28/07/2021, a Deputación da Coruña remitía circular de aprobación do POS+Adicional 2/2021 1ª fase incluíndo a obra “Reurbanización rúa Rosalía de Castro, Parque Montouto”, proxecto de obra que fora aprobado dentro do Plan Complementario POS+2021 na sesión ordinaria do pleno municipal celebrada o 27 de xaneiro de 2021.

Considerando as implicacións que para a urbanización Parque Montouto ten esta obra, abriuse un proceso de información sobre o proxecto que derivou en varias reunións coa veciñanza mantidas polos responsables técnicos e políticos. O resultado deste proceso foi a aceptación dalgunhas modificacións propostas, a máis relevante, o cambio na dirección do sentido único da rúa. Esta variante determina modificacións das prazas de aparcamento, pasos de peóns, marquesiñas, etc., sen que iso implique unha modificación dos orzamentos da obra.

Consecuentemente con esas propostas, os Servizos Técnicos municipais procederon a modificar o proxecto inicial, polo que proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o “Proxecto modificado para la Reurbanización de la calle Rosalía de Castro, Parque Montouto, parroquia de Cacheiras, Teo”, de outubro de 2022, asinado o 28 de novembro de 2022, incluída no POS+Adicional 2/2021 1ª fase, xa aprobado pola Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Dar traslado desta modificación á Deputación Provincial da Coruña solicitando a aprobación do proxecto modificado, sen alteración de ningunha das cláusulas e condicións de aceptación do POS+Adicional 2/2021 1ª fase”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e catro abstencións (4 PP), acorda:

Primeiro.- Aprobado o “Proxecto modificado para la Reurbanización de la calle Rosalía de Castro, Parque Montouto, parroquia de Cacheiras, Teo”, de outubro de 2022, asinado o 28 de novembro de 2022, incluída no POS+Adicional 2/2021 1ª fase, xa aprobado pola Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Dar traslado desta modificación á Deputación Provincial da Coruña solicitando a aprobación do proxecto modificado, sen alteración de ningunha das cláusulas e condicións de aceptación do POS+Adicional 2/2021 1ª fase.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE REXEITAMENTO DO NOVO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA AG-59.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo do 9 de decembro de 2022 (Rex. 999, nº entrada 3211, do 09/12/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de febreiro de 2022.

“MOCIÓN SOBRE REXEITAMENTO DO NOVO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA AG-59

Estes días anunciouse a aprobación, por parte do Consello da Xunta de Galicia, do proxecto de construción da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, no seu primeiro tramo entre A Ramallosa e Pontevea.

Dito proxecto de construción supón un importante cambio con respecto ao trazado delimitado hai varios anos, especialmente nos enlaces da ampliación da AG-59 coa estrada autonómica AC-841, na Ramallosa e en Teo.

No proxecto xa aprobado e que se licitará en breve, ditos enlaces cara á Estrada desaparecen, **por criterios estritamente económicos**, e sempre coa finalidade de satisfacer aos intereses do goberno popular do concello de A Estrada.

No ano 2020 xa sinalamos que esta *racionalización* do investimento, como se definiu desde a propia Consellería, non podía ser en detrimento dos intereses socioeconómicos das parroquias do Sur de Teo, en especial, do núcleo de Pontevea, na parroquia de Reis, con tradicionais vínculos coa poboación da Estrada, vínculos que quedarían moi afectados, por non dicir truncados, con este novo trazado.

Así mesmo, neste cambio de trazado, a rotonda de enlace da AG-59 coa AC-241 foi desprazada, o que provocará unha maior afección ás vivendas habitadas no entorno da AC-241, afectando de forma moi negativa en especial aos números 17-47 de Xermeade e o número 1-2-16-17-18 de Vilar de Teo.

Consideramos que un investimento autonómico de 33,2 millóns de euros para 3,5 km, a case 10 millóns de euros por km, non pode ser realizado sen ter en conta as alegacións do Concello de Teo, así como de moitos cidadáns e cidadás e diversas organizacións, que sinalan a aberración socioeconómica e medioambiental que tal proxecto vai significar.

Dadas as consecuencias gravísimas deste novo trazado para o Concello de Teo, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo somete para a súa aprobación o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO.- Amosar o rexeitamento ante o Proxecto de construción da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace AC-841, por incluír cambios nas conexións dos enlaces da Ramallosa e Teo, en especial neste último, que afectan gravemente aos intereses socioeconómicos e medioambientais do noso Concello.

SEGUNDO.- Reivindicar de novo a recuperación do trazado orixinario da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, que incluía as conexións cara A Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo.

TERCEIRO.- Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, así como ao Director da Axencia Galega de Infraestruturas.

Teo, 9 de decembro de 2022.

A PORTAVOZ DO GM DO PSdeG-PSOE DE TEO

UXÍA LEMUS DE LA IGLESIA”

A sra. Lemus explica que esta moción que presentan reitera unha moción, que xa se aprobara por unanimidade en decembro de 2020, de rexeitamento ao novo proxecto de ampliación da AG59, por ser un novo proxecto que é moi gravoso para os intereses socioeconómicos e medioambientais de Teo.

Explica que o único que cambiou nestes dous anos foi que se fixo a declaración de impacto ambiental e se aprobou o proxecto no Consello da Xunta hai dez días máis ou menos. O que se aprobou foi o proxecto da primeira fase, o que sería o tramo dende a Ramallosa ata Vilar de Teo. O cambio do trazado previsto implica que por un lado as expropiacións feitas non serven e houbo que facer outras novas, e por outro lado houbo unha maior afección ao núcleo de Vilar, considerando ademais que queda moi tocado todo non só polas obras senón polas afeccións urbanísticas provocadas pola propia autovía. Salienta que posteriormente ademais, con este cambio de trazado, o que se fai é quitar as entradas dende a Estrada, co cal quedaría un trazado dende a Ramallosa cara a Estrada que só daría servizo ao sur e non cara ao norte, cara Compostela, polo tanto a comunicación vese moi limitada para a veciñanza de Teo.

Considera a sra. Lemus que por doutra banda o embudo en Pontevea vai ser claro, sobre todo ata que se execute a segunda fase, que aínda non teñen claro moi ben o proxecto, porque claramente a afección sobre a zona do Río Ulla é tan esaxerada que se descoñece como van a facer.

Sinala a sra. Lemus que, en todo caso, polas declaracións que escoitou no día de onte, o alcalde da Estrada estaba encantado, engadindo que descoñece se o alcalde de Teo comparte ese pensar, e aclara que o acordo proposto é tal cual o acordo de decembro de 2020.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, a sra Castelao di que é un asunto que xa tivo moitísimo percorrido. Sinala que, sen dúbida, o proxecto de construción desta autovía é moi agresivo tanto a nivel medioambiental como a nivel patrimonio, paisaxístico, etnográfico e mesmo cultural, ademais de dividir parroquias e afectar negativamente aos modos de vida da xente.

Explica que o BNG xa levou ao Parlamento unhas iniciativas demandando a rectificación do proxecto, que non saíron adiante e anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e di que lles satisfai profundamente que o PSOE traia esta moción porque é o que levan pedindo bastante tempo dende o PP, ademais de demostrar a permanente contradición do PSOE, que agora mesmo pide aquilo que cualificaba como nefasto no 2018.

Sinala que daquela rexeitaba con toda a súa repulsa o primeiro proxecto que hoxe demanda, o cal demostra a peor cara da súa forma de facer política, a política do “non polo non”. Considera que isto vai ser, máis ou menos, como o centro de saúde, que non se ía facer, e que se acaba de asinar o convenio hai pouco, ou os terreos de Toysal, que eran uns estúpidos plantexando iso.

Sinala a sra. Calvo que dende logo o PP púxose a traballar proactivamente e mantiveron diversas reunións tanto cos empresarios coma cos veciños e coa Xunta de Galicia e entre todos á vez tamén, para que puideran expresar as súas sensibilidades e o seu sentir, que é moi importante, e de feito presentáronse 57 alegacións e moitas delas están xa incluídas. ´

Con respecto ao que di a sra. Lemus na moción de que *“no proxecto xa aprobado e que se licitará en breve, ditos enlaces cara á Estrada desaparecen, por criterios estritamente económicos”*, a sra. Calvo di que non é certo, engadindo que o primeiro proxecto foron 70 millóns de euros e seguen sendo 70 millóns de euros, nin un céntimo máis nin un menos.

Explica a sra. Calvo que a modificación que hai é a que se solicitou pola Corporación de Teo no 2018, por unanimidade, e que presentara o BNG.

A sra. Calvo di que vai a pasar a ler unha noticia de La voz de Galicia, que se reproduce a continuación: *“2 de marzo de 2018. O Pleno de Teo aprobou por unanimidade a iniciativa planteada polo BNG para o proxecto de ampliación da autovía AG-59 entre Santiago e A Estrada para que termine precisamente nese municipio e non no núcleo de Xermade, na zona de Pontevea. Anova, PP, PSOE e BNG consideran que aínda que o novo tramo reduce o tráfico en varios puntos agravará os problemas de seguridade vial en Pontevea, unha situación que se evitaría dando continuidade ás obras ata o municipio veciño”*.

Manifesta a sra. Calvo que a Xunta o que fixo foi facer o que se lle pediu dende o Concello de Teo no 2018. Sinala que están de acordo no punto número 2, en volver ao proxecto inicial, pero no que non están de acordo para nada é a renunciar ao investimento, á comunicación, baixo ningún concepto.

Sinala a sra. Calvo que os enlaces quedan preparados para futuras inversións e reitera que a Xunta fixo o que se lle pediu no seu día, engadindo que se o fan, porque o fan, e se non, porque non. Sinala a sra. Calvo que, tal e como está redactada a moción, non poden aceptala, polo o que o seu grupo vaise a abster.

Sinala a sra. Calvo que a Xunta conta con todos os informes para poder licitar no 2023, dende o do Concello de Teo, Deputación, Patrimonio, informes medioambientais, absolutamente todo. Volve explicar que se tiveran redactado a moción doutra forma evidentemente eles están cos veciños e se se equivocaron no seu día votando unha

cousa non habería ningún problema en votar outra, pero a eles só lles condicionan os veciños. Considera que en todo caso o que non se pode facer é traer ao Pleno falacias deste tipo.

O sr. alcalde di que realmente hai un problema de fondo e de formas. Dirixíndose á sra. Calvo sinala que, empezando polo fondo, que é o interesante, dicir que o que se está facendo é o que pediu o Pleno non é certo. Di que para explicalo doutra forma máis explícita, vai poñer un exemplo, e así di que se se precisan 100 coches e a Xunta di que non, que só hai cartos para 80 e o Concello insiste en que non, que son moi importantes 100 coches, que era o que se dicía na alegación, e a Xunta di que vale, que da 100 coches pero que en vez de catro rodas van traer tres, polo que iso non é o que se pediu, xa que, por principio, os coches teñen que ter catro rodas. Se o Concello di que se quere prolongar ata a Estrada para evitar que iso pase por Pontevea, pois que se prolongue, que ademais é o que solicita o alcalde da Estrada, pero non a costa de sacarlle as rodas á autovía, é sacarlle as rodas á autovía é sacarlle os enlaces. Pregunta o sr. alcalde de que lle vale ao Concello ter unha vía que o atravesase se non se pode ir para a Estrada. Por iso que non é o mesmo o que se pediu que o que se fixo.

Tratándose das formas, o sr. alcalde di que habería que ter un pouco de elegancia institucional. Primeiro entéranse de como ía ser todo polo alcalde da Estrada, que descoñece quen é para dicir o que vai a facer ou non vai a facer o goberno galego. A raíz de aí solicítase unha entrevista coa conselleira Ethel Vázquez, unha entrevista telemática, na que despois de dicirlle literalmente todo isto a contestación foi, literalmente, *“vale, ya aguanté el chaparrón, esto se va a mantener así”*, e iso dunha Conselleira a un alcalde que esgrimía razóns lóxicas, o que é bastante impresentable por parte da conselleira. Porén, despois, non contentos con iso onte o escenificaron outra vez e resulta que os 3.5 km vanse construír en Teo pero vaise a presentar na Estrada co alcalde da Estrada, co delegado provincial.

Salienta o sr. alcalde que están de acordo coa moción que se presentara antes e coa que se presenta agora no Pleno, coas alegacións, que por certo, nin sequera se

contestaron, o que supón outra falta máis de delicadeza. Sinala que seguen na mesma posición na que se estaba antes e na que se está agora e iso a pesar dos custos patrimoniais, culturais etc, que ten, pensa que mellorando iso, que era unha das cousas que se reclamaba, non ten moito sentido deixar unha autovía construída á metade e hai que completala, mantendo todo iso pero manténdoa como ten que ser unha autovía, con todos os enlaces, porque senón no se sabe de que vale.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que o sr. alcalde efectivamente ten razón e que ela non se lembraba da reunión con Ethel, do de “*ya aguante el chaparrón*”, pois ela tamén estaba nesa reunión, e iso foi ao pouco de presentar as alegacións, ao cabo dos catro meses, aínda non as mirara pero xa consideraba que non se ían a cumprir, e efectivamente non se cumpriron. Había setenta e pico alegacións, sinala, das cales se lles fixeron caso no proxecto só ás da Estrada, non habendo ningunha de Teo á que se lle fixera nin caso, nin sequera as de Vilar de Teo, que comentan no número 1, 2, 16, 17 e 18, que nalgún caso lles vai quedar unha finca de solo núcleo rural, non de extensión de núcleo rural, totalmente inutilizada e van afectar totalmente ao núcleo.

Sinala a sra. Lemus que iso soamente por evitar o enlace en Xermeade. Explica que este enlace implicaba primeiro unha rotonda máis ampla para as dúas saídas e as dúas entradas, entón acórtase tramo, o que di o alcalde, porque a sra Calvo fala dos millóns de euros, pero eses millóns eran no ano 2011, e claro no ano 2022 as cousas valen un pouquiño máis. Se se pretende facer un gasto no 2022 cos cartos do 2011 non vai ser posible. Entón, nalgún sitio hai que acortar e faise na parte de Teo, porque na parte da Estrada non se recortou nada, o que é curioso, aínda que recortaron un pouco, ía máis alá e chegou algo máis abaixo, pero o resto, as entradas e saídas ten que facelas, loxicamente, porque senón quedaríalles pois como vai quedar na Ramallosa e Teo.

Considera a sra. Lemus que ao final acábase atopando que se vai a facer unha autovía igual que a autoestrada da que tanto se queixan, é dicir, que Teo ten unha autoestrada que implica totalmente un corte no Concello e vai ter unha autovía que significa o mesmo, o único que vai dar servizo é á Ramallosa e a Cacheiras, porque a Pontevea non llo vai dar.

Explica a sra. Lemus que no que se queixaban no 2018, de aí a moción do BNG, non era do trazado orixinario, senón de que se partira en dous o proxecto orixinal porque o que ía implicar ía ser o mesmo que vai implicar agora, é dicir, meter o tráfico ata Vilar de Teo e de repente unha saída de camións e tráfico nunha semiraqueta, que é o que teñen en Pontevea. Lémbra a sra. Lemus que foran a unha reunión co director da Axencia galega de infraestruturas onde se lle comentou o tema e el pensaba que alí se podía facer unha rotonda, e se lles dixo que era imposible, e logo de mirar nos planos dixo *“ah, non, pero malo será, tampouco será para tanto tempo”*.

Salienta a sra. Lemus que entón queixábanse no 2018 do mesmo que agora, é dicir, partir o proxecto en dous, e enténdeo porque non hai tanta dispoñibilidade económica agora. Alégrase, di, das reunións do grupo do PP, pero velle pouca produtividade, porque a verdade é que todo o que se lle pediu non se lle fixo nin caso. Pedíronselle un montón de cousas e non fixeron caso, os propios veciños afectados pediron un montón de cousas e tampouco se lles fixo caso, e as alegacións acaban ademais tendo en conta un parrapiño, de que teñen todos os informes, cando ter todos os informes non significa nada. Dirixíndose á sra. Calvo dille que ela falaba da necesidade de vertebración e comunicación, pero claramente con este proxecto a vertebración e comunicación non se están cumprindo, polo menos na parte de Teo.

Explica a sra. Lemus que o alcalde de Vedra tamén pediu que lle fixeran entradas e saídas e tampouco o conseguiu. Considera a sra. Lemus que se fixo un proxecto para un alcalde que tiña unha necesidade o que supón que é, como dixo onte, a mellor nova dos últimos dez anos, ou unha cousa así, engadindo que ela entende que nas bombas de palenque das eleccións entran estas cousas, pero verdadeiramente para Teo non é nin un bo proxecto nin o vai ser.

Con respecto ao que di a sra. Calvo de que queden proxectadas, sinala a sra. Lemus que nin tan sequera iso. Explica que se se ve o proxecto compróbese que non están marcadas, nin sequera o trazado de cales serían as posibles saídas, porque non están proxectadas nin previstas, soamente ten marcadas as saídas nun dos proxectos orixinario, ademais con este novo trazado as saídas en Teo, dende a Estrada cara

Pontevea, ou se cargan directamente todo o núcleo de Vilar, ou é imposible, non hai forma humana de facer as saídas dende a Estrada.

A sra. Lemus di que sinte que se equivocaran no ano 2020 votando, engadindo que se o grupo PP está en contra da moción poden votar en contra, que tampouco dende o PSOE se van cabrear por iso, aínda que lle parece unha abstención desas un pouco incomprendibles, sobre todo porque si que é certo que no 2020 fixéronse todo tipo de xestións, por parte do sr. Guerra, para evitar isto, polo que agora están sendo incongruentes co defendido e co votado no ano 2020. Entende a sra. Lemus que o sr. alcalde da Estrada está moi contento, pero pensa que ningún concelleiro de Teo debería de estar contento con este proxecto.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da mesma.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, quen di que non é certo todo o que acaba de dicir, que se pediu que non desembocase en Pontevea, en Xermade, pregunta se o inventou ela e a Voz de Galicia tamén. Di que a sra. Lemus pon claramente que é un aforro, pero non é ningún aforro, senón que é un orzamento que había e que segue habendo. Di que están de acordo en que as cousas cambiaron, pero xa que se da conta tamén diso, de que as cousas cambian, pídelle que lle pegue unha chamada ao seu presidente á Moncloa porque el parece que non se enterou, e como á sra. Lemus lle fai caso, de paso que lle pida que modifique outras tantas cousas que prexudican a Galicia.

Sinala a sra. Calvo que con respecto a que o alcalde da Estrada se enterara antes que a sra. Lemus, pregúntase cantas veces dixeron que hai que manter unha relación cordial coas institucións.

Dirixíndose ao sr. alcalde, a sra. Calvo sinala que el dirá o que queira, pero que as relacións con outras institucións non son o seu forte, que ao mellor o alcalde da

Estrada está en contacto coas institucións, que é o que ten que facer e vai incluído no soldo.

Dirixíndose á sra. Lemus, a sra. Calvo pregúntalle que fixo o PSOE e, con respecto a que votaran a moción na outra ocasión, sinala a sra. Calvo que agora mesmo non lembra se estaba redactada nos mesmos termos, pero dende logo dubida que aceptasen iso, tal e como está, podendo ser parecido, pero igual o dubida.

Dirixíndose ao sr. alcalde, a sra. Calvo pregúntalle se se pediu ou non que rematara en Xermeade, ou se pensa o sr. alcalde que o inventou A Voz de Galicia ou ela mesmo ou alguén.

A sra. Calvo di que a ela garántenlle que os enlaces van a quedar listos, e polo tanto ela non ten por que desconfiar do que lle din as autoridades, porque senón logo tamén terán que responder sobre iso.

Sinala a sra. Calvo que a opción tería sido un si se a moción fora redactada acorde á realidade, non terxiversando, non intentando meter cousas que non teñen lugar. Remata a sra. Calvo reiterando a abstención do seu grupo, engadindo que poden votar, si, non, abstención, ou que lles dea a gana, pois teñen liberdade de voto, e se non se sabe, lémbrao.

O sr. alcalde sinala que pensa que está clara a situación no sentido de que claro que dixeron que se a autovía paraba en Xermeade e ese tráfico se derivaba cara Pontevea íase crear un colapso alí, entón a petición era prolongala, facer un investimento maior, prolongala para que non houbera esa saída salvo os vehículos que quixeran ir a Pontevea e os que quixeran entrar na autovía. Pero non todos os vehículos porque o problema que hai é que agora todos os vehículos que van a ir para a Estrada van a saír en Xermeade e van atravesar Pontevea, que non está preparado para facelo mentres non se complete a autovía, porque non hai que esquecer, di, que esta ampliación ten dúas fases, e a primeira fase acaba aí, non chega ao Royo.

Reitera o sr. alcalde que o que se pediu foi unha cousa distinta á que concederon, xa que concederon por dicilo dalgún xeito o coche de tres rodas cando pedían un de catro. Salaria o sr. alcalde que eles tampouco se coidan moito nas formas, e así xa acaba de dicir o que contestara a Conselleira Ethel.

Sinala o sr. alcalde que, máis alá das formas, o que non ten sentido é que se diga que non hai repercusión ningunha, porque as autoridades da Xunta actúan dun xeito pero cando se lle da barra libre ao alcalde da Estrada o alcalde explica moi ben as cousas. Sinala que se se mira a prensa de cando se decidiu esa ampliación, esa segunda fase, o alcalde da Estrada saíu todo fachendoso porque dicía que ía chegar ata o Royo e que había pequenas limitacións a costa diso, de quitarlle os enlaces á autovía, literalmente, por iso son os mesmos cartos, porque para sacar cartos para prolongar sacáronlle unha roda ó coche. Salaria o sr. alcalde que esa é a historia.

Sinala que el pode ter máis ou menos habilidades sociais, pero cree que cas institucións que o respectan é bastante respectuoso, e a proba a teñen dende o tema da Sanidade a cen mil historias, e que para manter relacións fluídas ás veces requírese, polo menos, de dous.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e catro abstencións (4 PP), acorda:

PRIMEIRO.- Amosar o rexeitamento ante o Proxecto de construción da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace AC-841, por incluír cambios nas conexións dos enlaces da Ramallosa e Teo, en especial neste último, que afectan gravemente aos intereses socioeconómicos e medioambientais do noso Concello.

SEGUNDO.- Reivindicar de novo a recuperación do trazado orixinario da autovía AG-59 A Ramallosa-enlace PO-841, que incluía as conexións cara A Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo.

TERCEIRO.- Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, así como ao Director da Axencia Galega de Infraestruturas.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O sr. alcalde sinala que o grupo municipal do BNG presentou dous rogos por escrito, aos que vai dar resposta.

1.- Con referencia ao rogo da ampliación da estrada 02-05 a que vai da Ramallosa a Luou (rex. entrada nº 6788, do 15/12/22), sinala que están absolutamente de acordo co que plantexa a sra. Castelao, e dende logo non están de brazos caídos. Explica que o 28 de outubro no Pleno da Deputación o grupo da Marea Atlántica, a proposta de Son de Teo, presentou unha moción que foi aprobada por unanimidade, na que en palabras do presidente *“será a humanización, compromiso adquirido, e imos incorporalo ó orzamento 2023 e executarase así coa condición de que o Concello acceda á firma do convenio onde acepta a entrega da vía e polo tanto se responsabiliza da seguridade vial nesa estrada”*. Sinala o sr. alcalde que iso é o que dicía o presidente, engadindo que o certo é que a estas alturas non o cree, porque xa o dixo catro ou cinco veces.

O sr. alcalde di que lle gustaría velo e levaría unha gran alegría se se ve no orzamento. E iso, sinala, que a moción dicía ademais outra cousa, que era por unha parte solicitar á Deputación que solucione de forma inmediata os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da AP02-05, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou e nas Curvas de Espasande, Seixos e Cornide e reclamar á Deputación que licite todo o tramo, sendo iso o que faltaría en todo caso.

A sra. Castelao di que está correcto, que xa son conscientes de que se está tratando e tampouco confían en que se faga pronto, pero por iso instaban a, que mentres non se

solucione, que se coloquen por petición dos veciños e veciñas, uns badéns ou algo, unhas bandas redutoras tanto antes e despois do edificio para asegurarse un pouco o tráfico rápido.

O sr. alcalde di que o que pasa é que iso si que non o van a facer, o das bandas redutoras ao igual que o dos pasos de cebra, porque é certo que é o criterio dos técnicos da Deputación da Coruña, non da de Pontevedra, que é totalmente distinto. Por iso se recorría a esa petición cando se fixo, de que como eles non as poden colocar que cedan a estrada ao Concello e colócanse dende aquí.

2.- Con respecto ao segundo rogo, da estrada de Lampai (rex. entrada nº 6789, do 15/12/2022), sinala o sr. alcalde que tamén está totalmente de acordo co rogo realizado.

A/s concelleira/s do BNG, formulan ademais os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

3.- A sra. Castelao refírese ao tema das bibliotecas públicas e di que vai facer un resumo para que se saiba do que está a falar. As bibliotecas públicas desempeñan un importante papel para os hábitos de lectura, e o horario que teñen agora acaban de comprobar que no período de nadal as dúas bibliotecas, tanto a dos Tilos como a do Grilo, pecharon. Entón, tendo en conta que o Nadal é un período vacacional no que non só os nenos están sen clase, senón que tamén hai mestres, e moitos pais e nais, que aproveitan para coller as vacacións, se encontran con estas bibliotecas pechadas cando de feito dende o seu grupo consideran que deberían incentivarse e aumentar unha programación de nadal xusto nestes lugares. A sra. Castelao di que non lles parece adecuado que por parte do goberno municipal e da concellería que leva o tema tomasen esa decisión de reducir drasticamente este horario nesas dúas bibliotecas. Pregunta a sra. Castelao cal é o motivo real da redución drástica deses horarios das bibliotecas públicas no Concello durante o período de nadal.

O sr. alcalde di que en principio é o mesmo que de todos os anos, o problema, en todos os períodos vacacionais, é que hai un bibliotecario e un auxiliar de biblioteca, son

as dúas persoas que están para cubrir as dúas bibliotecas, a da casa común dos Tilos e a Mediateca. Con esas dúas persoas é imposible ter o cen por cen de tempo abertas as dúas bibliotecas e o que se fai normalmente é pechar unha e manter a outra. Neste caso non se fixo, e tivo que ser algunha circunstancia puntual, pero a situación normal nos períodos vacacionais é manter aberta unha delas.

A sra. Castelao sinala que polo menos unha, para dar o servizo.

O sr. alcalde di que en Cacheiras estase pintando, e probablemente sexa esa a razón de que non se abra, que é normalmente a que quedaba aberta. En todo caso hai un problema de fondo, que é que para manter iso precisaríase máis persoal, porén as limitacións de persoal son as que son, é unha limitación orzamentaria. Explica o sr. alcalde que se trata dunha cuestión de prioridades, e habería que preguntarse que é máis necesario, por exemplo, un bibliotecario ou un enxeñeiro técnico que se responsabilice da instalación lumínica, tratándose sempre dun problema toma de decisións. Di o sr. alcalde que de todas formas asumen que non é unha situación real, que esta circunstancia vén determinada por outros motivos, pero que habitualmente o que se fai, e no verán volverá a pasar, é deixar aberta unha delas.

4.- A sra. Castelao pregunta, en referencia ao campo de fútbol do Praíña, por que non se poden usar os últimos vestiarios, nos que se fixo unha reforma.

O sr Igrexas di que non se fixo ningunha reforma, que son os vestiarios vellos que eran anteriores aos novos, que están debaixo das tribunas. Eses son os novos, os que se habilitaron como tal, onde hai todas as instalacións pertinentes. Os vestiarios de arriba pódense utilizar pero o que non se pode usar é a auga quente porque os circuítos da auga quente, coa normativa da salmonelose, impiden que haxa a fonte de calor e ducha tan separadas, tratándose polo tanto dunha cuestión técnica. Polo pódense utilizar como vestiarios pero non pode haber duchas de auga quente aí.

A sra. Castelao pregunta se é moi caro ese sistema.

O sr Igrexas di que é duplicidade e que eses vestiarios non permiten esas obras, son feitos de adobe hai moitos anos, entón cando haxa que facer unha reforma da zona de tribunas valorarase pero en principio non é unha obra que estea nestes momentos pendente.

5.- A sra. Castelao pregunta pola zona do Castañal, que xa veu que pintaron as bandas que puxeran, e di que os veciños se preguntan se se vai poñer sentido único dende Francos para arriba.

O sr. Igrexas di que non, e que non sabe por que llo preguntan á sra Castelao porque o acordou con eles nunha reunión, e había oito persoas, dúas de cada unha das catro casas, e de feito a persoa que falou coa sra. Castelao mandoulle un whatsApp ao concelleiro, outra cousa é que teña medo de que non se faga o que se acordou. Explica que o que se acordou é que tiña que ser, como xa o dixo unha vez no Pleno, restrinxido a residentes, porque era o que querían eles, e é o que en principio se vai facer.

6.- A sra. Castelao di que na estrada que vai para Rarís, dende Luou, hai unha fochanca tremenda, que supón que moitos dos presentes a verían e que ela a pillou enteira.

O sr. Igrexas di que se abreu esta fin de semana.

A sra Castelao pide que se sinalice.

O sr. Igrexas responde que non se pode sinalizar, que se abreu precisamente porque lle entra auga do monte, e hai que sacala, engadindo que mañá van intentar tapala aínda que sexa de forma temporal porque si que é moi grande. Manifesta que el pasa por alí todos os días e o fin de semana non estaba e o luns pola mañá si, porque durante a fin de semana entrou toda a riada, empozouse e abriu.

7.- A sra. Castelao sinala que seguindo esa pista, antes da igrexa de Rarís, xusto antes da curva, tamén din que hai outra fochanca. Explica que lle avisaron hoxe e que non a veu.

O sr. Igrexas di que pasa todos os días e que non a veu, porén o revisará.

8.- A sra. Castelao sinala que ten unha demanda histórica, referido a que hai moitísimas zonas do concello que están sen fibra. Xa sabe que se pediu moitas veces e esperan que non se teña que pedir moitas máis nos seguintes plenos. Solicita que se tente axilizar esas zonas, parte de Casalonga, Oseve, Oza, hai moitas desas zonas sen fibra. Sinala a sra. Castelao que xa sabe que a cuestión foi contestada moitas veces, pero seguen insistindo porque é unha preocupación moi grande para os veciños. Lembra que se estivo nunha pandemia na que moita xente traballou dende a casa e non ter ese acceso dificulta todo.

O sr. alcalde di que o único problema aí é que as compañías son máis ou menos sensibles con quen teñen contratos ou con quen licita, pero co concello non, e a efectividade é unhas veces máis e outras menos.

9.- A sra. Diéguez sinala que no Piro, en Oza, o ano pasado limpouse onde a fonte porque estaba chea de follas e agora caéronlle todas as follas aos carballos e pide que se vaia limpar de novo, pois pensa que é o momento de facelo.

Manifesta a sra. Diéguez que pasa o mesmo en Rivas, tamén Oza, onde se acumularon arredor das paredes e incluso polo medio da rúa nalgún sitio.

Tamén pide que cando limpen que o fagan ben porque tiñan bastante hábito as persoas que ían limpar de arrimar a folla á parede, e entón ó final facendo iso o que se consegue é que se encha esa zona de silvas e de hedras, porque as follas apodrecen e fan abono, e logo é moito máis difícil limpar todo, xa que hai que limpar a maiores.

O sr. alcalde di que a verdade é que non se resiste a dicilo pero saben que o das follas é importante e para a xente que vive aí é unha molestia pero tamén a xente ten que ser consciente de que vive no rural, e hai árbores, e as follas caen, e non é o mesmo limpar Romero Donallo que ten dous arbolíños que limpar ao lado das carballeiras. Entón, hai que partir de que hai que facer ese esforzo, que unha cousa non quita a outra, pero que tamén a xente non pode aspirar a ter barridiño todo.

A sra. Diéguez di que ela só informa, que outros anos se facía e non di nada máis, só informa de que xa caeron todas, de que están alí e que están apodrecendo e que outros anos se quitaban. Considera que se se se quitaban daquela maneira é mellor non quitalas, porque se se van arrimar á parede para que se encha despois de silvas entón prefire que queden como está.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus sinala que no Camiño da Lamela se retiraron os contedores verdes e se deixaron soamente os de papel e vidro, o de vidro perde por abaixo, segundo comentan os veciños, e os verdes non están. Pregunta a sra. Lemus cando se van a colocar.

O sr. Igrexas di que os desa zona movéronse de sitio por unha situación de vertidos incontrolados de varios tipos, e de acumulos de lixo que había alí. Íanse poñer todos onde están os de vidro e papel. Si é certo, di, que o de vidro está roto por abaixo pero están todos pendentes dunha renovación que espera que sexa pronta. Manifesta que non se puideron poñer alí o verde e o amarelo por culpa dun cable de teléfono que está descolgado, entón non permitía o baleirado dos contedores se se facía iso.

Explica o sr. Igrexas que, falando co presidente non sabe se da comunidade ou dunha asociación, aínda que pensa que é o da comunidade, lle dicía que en vez de poñelos ao outro lado da rúa que se podían situar onde estaban xa na rúa Ledín, que había un amarelo e un verde. Estaba alí o responsable da recollida de lixo e valorouse naquel momento que so cun amarelo era suficiente porque non se enche e considerouse que poñer dous amarelos xuntos alí era un pouco inútil.

Explica o sr. Igrexas que se puxo un verde durante dúas semanas e os dous estaban a mediados. Entón os veciños que estaban en fronte dalgún xeito dicían que lle creaban problemas de circulación e falando co responsable da recollida valorou probar a deixar só un. Por agora o que lle está dicindo, pois si que lle chamou esta semana, é que ningún día estaba cheo, e varios veciños puxéronse en contacto, explicóuselles que é

unha solución temporal, pois estase mirando como funciona porque de feito ao mover os contedores de alí cesaron os vertidos. Entón hai que buscar un sitio onde se poidan poñer porque alí están os vertidos, pegados ao río, a corrente de auga da choiva está arrastrando vertidos constantemente ao río, e dicíanlle que podía haber un momento no que se recibira unha sanción porque aquilo é absolutamente demencial de vertidos ilegais todas as semanas, e todos os días, porque aparte hai residuos cárnicos.

Explica o sr. Igrexas que a situación que se estaba creando nesa zona era bastante complicada e o certo é que co cambio de contedores cesaron os vertidos. O encargado da limpeza está pendente de mover os cables de teléfono e poñer outro dos contedores verde alí, porque o amarelo se realmente non se enche non sería preciso. Sinala o sr. Igrexas que esa é a explicación que se lle foi dando tanto por escrito como verbalmente a todos os veciños que se puxeron en contacto tanto co concello como co servizo de recollida do lixo.

2.- A sra. Lemus sinala que no Río Tinto, en Calo, comentan que hai necesidade de limpeza do propio río, que está moi acolmatado de áridos. Lembra que nalgún momento xa se pediu a Augas de Galicia e houbo negativas, polo tanto a ver se é posible que se solicitase a limpeza ou polo menos facer algo, porque ademais coa pinta de temporal continuo que ten este inverno vai dar máis problemas esa zona. A sra. Lemus pregunta se é tramo urbano.

O sr. Igrexas responde que non.

A sra. Lemus di que ten as súas dúbidas, porque se é tramo urbano si que se pode.

O sr. Igrexas di que pensa que Elías tiña claro que había que limpar o río e en dous anos non o fixo, entende que porque non puido, porque as ganas e as promesas fíxoas.

A sra Lemus di que en todo caso que miren as posibilidades e que se é treito urbano pois moi ben e se non o é despois se iso xa flaxelan a Elías, pero en todo caso eles son os que teñen que executar, polo que pensa que non é para dar esa resposta.

3.- A sra. Lemus comenta que na escola infantil da Ramallosa as traballadoras piden se se poden mover os contedores un pouco máis cara a propia escola porque comentan que está un pouco alonxados e que está escuro, que lles da medo de noite, por iso piden que os acheguen á escola infantil.

O sr. Igrexas di que está ben, pero que as traballadoras da piscina piden que non se movan, porque teñen medo, saen de madrugada e saen de feito máis tarde, sobre a unha de limpar e teñen medo a ir a cerca da EIM. Entón, xa se moveron para un lado, xa se moveron para o outro, resultando que cando non protesta un grupo profesional protesta o outro, polo que o que se fixo foi situalos no medio, seis meses en cada lado.

A sra Lemus di que polo menos son 6 meses.

O sr. Igrexas di que de todos os xeitos as traballadoras da EIM saben perfectamente o que hai, e saben perfectamente que cada vez que elas intentan levalos para abaixo as traballadoras da piscina os levan para arriba.

4.- A sra. Lemus sinala que en Chao do Río, na pista que vén da estrada da Xunta, comentan os veciños se hai algunha posibilidade de facer algún tipo de limitación de tonelaxe, porque a verdade é que ten bastante tráfico e moi pouca visibilidade e están levando algún que outro susto. Polo menos que se estude, que falen coa policía a ver como está, e que se faga un informe previo da policía.

5.- A sra. Lemus di que nas beirarrúas da AC-841, ao pasar o Pórtico, hai unhas baldosas levantadas, nun paso que é unha pista privada, por riba da beirarrúa. Sinala a sra. Lemus que son un perigo polo tanto que se mire e, se é privada, que se lles avise. Sinala a sra. Lemus que xa se pediu por escrito.

O sr. Igrexas di que é privada, pero que de todos os xeitos está pendente e vaise facer o arranxo, porque os veciños e veciñas que transitan por alí non teñen culpa. Está avisada a brigada para facer varias entradas de garaxes e farase esa, porque hai que levantalo todo e botarlle formigón.

6.- A sra, Lemus di que por outro lado comentáronlle do mercado de nadal dos Tilos que na praza cuberta había algunha goteira. Supón que será, polas fotos que enviaron, na zona dos lucernarios, e pregunta se se estudou ou valorou

O sr. alcalde di que non, que se mirará.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Guerra di que como se falou das estradas provinciais que están nun estado lamentable, o cal é certo, quere lembrar que no mes de novembro fixo un ano que o grupo PP presentou 1.200 sinaturas ao presidente provincial, ó sr Formoso, e a día de hoxe non obtiveron resposta. Sinala o sr. Guerra que quere deixalo reflexado.

2.- O sr. Guerra comenta que, falando de baches, o temporal é o que é e os baches orixínanse e outros agrándanse, salientando que onde a capela de Cornide tamén hai uns moi grandes.

3.- Sinala o sr. Guerra que tamén lle comentaron que a consecuencia da choiva unhas arquetas que hai onde o colexio da Ramallosa, por culpa da folla, atáscanse e piden que se vaian limpar.

4.- O sr. Guerra sinala que outro tema, tamén relacionado con auga, ten que ver con que, baixando a carreteira da Ramallosa cara a igrexa de Lucí, a pista que se mete para Chaves parece ser que cando se fixo a senda canalizaron a auga para a cuneta de abaixo e estalle metendo auga ás casas que hai alí. O veciño que lle chamou pide que se meta en lugar da cuneta de abaixo na de arriba porque así non lle entra para a casa.

5.- O sr. Guerra di que tamén lle avisaron que o outro día foron ao lavadoiro da Ramallosa que tiveron que matar unha culebra, e mandáronlle a foto. Pide que se tomen medidas con ese lavadoiro, xa que hai ratas e culebras.

O sr. alcalde di que o dese lavadoiro algún día poden tratar nunha xunta de portavoces para ver que se fai con el, porque a el a verdade non sabe se meter cartos nel.

6.- Di o sr. Guerra que piden un punto de luz no Secal.

7.- O sr. Guerra di que, como xa se reiterou varias veces no Pleno, en Cachóns, onde a de Naveira, hai unha parte escura e piden luz.

8.- A sra. Rosende pregunta cal é o motivo de que haxa tanta demora coa pista que vai a Oza dende a aldea da Torre, pois empezaron en novembro e hai seis casas alí ás que lles é totalmente imposible pasar. A sra. Rosende di que entende que as obras levan o seu tempo e que causan moitas molestias, pero non poder entrar na propia casa é difícil. Ademais dende o mes de novembro estiveron as máquinas paradas case todo o tempo, por iso pregunta cal é o motivo.

Di a sra. Rosende que hoxe incluso un veciño atravesou un coche no medio, porque están moi queimados, para que as máquinas non traballaran e a cousa non chegue a máis e prometéronlle que lle ían botar gravilla para que polo menos puideran pasar cos coches para as súas casas, porén acabou o día e a gravilla non a botaron.

O sr. alcalde di que a verdade é que pouco pode aclarar porque non sabe que pasa e que van a mirar a ver que acontece nese caso en concreto. Sinala que se trata dunha obra bastante importante e o problema do saneamento é que se ve pouco, que parece que é unha pala excavando pero se hai que baixar, como nalgúns sitios a 3 e 4 metros para que non se vaian abaixo as zanzas e demais, é moito máis complicado do que en principio parece. Son obras que levan tempo e os máis apurados en facela son eles porque a consolidación está pendente de rematar, esa é a estrada que se vai a

aglomerar todo e por iso se fixo ese asfaltado no medio. Sinala o sr. alcalde que en todo caso mirarán a ver que pasou para intentar solucionalo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz